



CONCELLO DE CANGAS

INSTALACIÓNS DE QUIOSCOS DE VERÁN CON SERVIZOS DE TEMPADA NA ZONA PÚBLICA 2017 (PRAIAS CONCELLO DE CANGAS)

O Concello de Cangas lémbrale a tódolos veciños/as que desexen solicitara instalación de servizos de tempada, sobre terreos calificados como dominio público marítimo-terrestre, que deberán presentara petición no Rexistro de entrada do Concello, ata o día 31 de marzo do ano 2017, de acordo coa seguinte documentación:

1º.- Solicitud en modelo de instancia na que se deberá achegar:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou CIF do solicitante. Cande se trate dunha persoa xurídica, o seu representante deberá acreditar a súa identidade e a representación coa que actúa.
- b) Proposta da zona a ocupar, indicando os metros cadrados (con un máximo de 20m² para instalacións pechadas e un máximo de 50 m² para terrazas) como, no seu caso, terrazas ou colocación de mesas e cadeiras; tendo en conta que distanciarase, como mínimo 100m, de calquera outra instalación de servizo de tempada.
- c) Plano de ubicación, a escala 1/1000, no que se represente a línea de deslinde do dominio público marítimo terrestre.
- d) Memoria descriptiva e gráfica das instalacións desmontables con expresión das súas características e uso previsto. Servizos de abastecemento, saneamento e electricidade, etc.
- e) Fotografías do predio, onde se pretende efectuar a instalación.
- f) Xustificación documental da retirada do quiosco na tempada anterior, no seu caso.
- g) Depósito de fianza (25 €/m²), para responder dos danos e prexuízos ao dominio público, constituído na Caixa Xeral de Depósitos da Delegación de Facenda.

2º.- Previa instalación, deberáse xustificarse o pago do canón de ocupación correspondente.

- 3º.- Non se admitirá a trámite ningunha solicitude que non cumpra tódolos requisitos e non se atope ao día coa facenda local por tódolos conceptos.
- 4º.- A instalación practicada sen a preceptiva autorización e pagamento da totalidade das taxas correspondentes, será para o/a infractor/a motivo dunha sanción do 150% sobre as cantidades a pagar, con independencia doutras accións legais que se lle poidan aplicar.
- 5º.- Se tivo permiso de instalación o ano anterior, terase en conta a retirada da instalación dentro do prazo establecido.
- 6º.- A instalación será polo prazo que vai do **15 de maio ao 30 de setembro**.
- 7º.- A autorización poderá ser revogada en calquera momento, sen dereito a indemnización, cando as circunstancias de interese xeral así o aconsellaran.
- 8º.- Finalizada a actividade, a instalación deberá levantarse no prazo de 15 días.
- 9º.- Queda prohibida a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables. A tipoloxía das instalacións deberán armonizar con entorno mediante materiais adecuados e de boa calidade, aspecto estético e bo estado de conservación.
- 10 º.- Todas as súas conduccións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros . Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral si existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas e drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño. Non se permitirá ningunha conducción de tendido eléctrico que sexa aéreo. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.
- 11º.- O horario será de 10.00 horas ata as 22.00 horas.
- 13º.- O incumprimento de calquera destas obrigas causará a anulación inmediata da autorización.
- 14º.- O feito de optar ás instalacións previstas neste Bando supón a total conformidade do/a solicitante de todos e cada un dos puntos anteriores, obrigándose ao solicitante expresamente ao cumprimento das mesmas; para calquera dúbida na aplicación desta normativa, será competencia do propio Concello de conformidade coa lexislación vixente.

Cangas, a 31 de xaneiro de 2017.

O ALCALDE-PRESIDENTE

ASDO.: XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA